

Folga Xeral de Estudantes os días 16, 17 e 18 de outubro!

**En defensa do ensino público!
Non ós recortes de Wert!**



Asembleas e formación de Comités de Loita desde o primeiro día de clase!

TODOS E TODAS ÁS MANIFESTACIÓNS O 17 DE OUTUBRO!

Consulta en www.sindicatodeestudiantes.net o percorrido da manifestación no teu concello

En tan só oito meses de Goberno, o Partido Popular recortou dereitos históricos da clase traballadora e a mocidade que foron arrincados a través de duras loitas contra a ditadura franquista e nos anos posteriores. Esta política, xustificada para saír da crise, só ten un fin: manter os sacrosantos beneficios da gran banca, os grandes empresarios e os poderes económicos de sempre. Medidas para satisfacer o ansia de lucro dos capitalistas, mentres se provoca o empobrecemento xeral da poboación, o despedimento de decenas de miles de traballadores e o desmantelamento do ensino e a sanidade pública.

En toda esta ofensiva, as mozas e mozos levámonos unha das peores partes: sometidos a un paro brutal (con taxas de desemprego que superan o 50%), agora pretenden acabar co noso dereito a un ensino público, gratuíto e de calidade.

AS MEDIDAS DO PP CONTRA A EDUCACIÓN PÚBLICA



O Ministerio de Educación non se conformou con recortes salvaxes de preto de 4.000 millóns de euros á escola pública, senón que tamén aprobou unha auténtica contrarreforma educativa.

O pasado mes de xullo, o ministro José Ignacio Wert daba instrucións ás Comunidades autónomas para aplicar o paquete de recortes e facía pública a maior contrarreforma educativa da última década. Neste plan global, o PP expón unha auténtica demolición do noso dereito a recibir un ensino público digno e gratuíto. Entre as medidas expostas destacan:

- **Creación de novas selectividades económicas e académicas** para acceder á FP de Grao Superior e á universidade: Subidas de taxas universitarias de ata un 66% respecto ó curso anterior.
- **Despedimento salvaxe de máis de 50.000 docentes** dos centros de estudo e Universidades de todo o Estado. (En Galiza, este curso hai mil profesores menos que o curso anterior).
- **A imposición de tres reválidas (probas selectivas)** que se realizarán en 6º de primaria, 4º de ESO e 2º de Bacharelato, supondo novas trabas para pasar de curso, e no caso da de 6º de Primaria e 2º de Bacharelato, podendo significar a obrigaición de repetir curso ou non conceder ó título de bacharelato, polo que o acceso á universidade quedará vetado de antemán aínda que se aprobaran os dous cursos de bacharelato. Un auténtico escándalo!
- **A imposición de taxas de matriculación de centos de euros ó estudiantado de Formación Profesional** en Madrid e Catalunya, (e intentarano tamén en Galiza) e a retirada das bolsas de comedor e libros para estudantes de primaria e secundaria en moitas zonas do Estado.

Sindicato de Estudiantes

• **A creación de itinerarios da máis baixa cualificación desde 3º da ESO** para amontoar nel ó estudantado con máis dificultades económicas e de aprendizaxe e expulsalo canto antes do sistema educativo.

O proxecto do PP está en sintonía co futuro que nos preparan: se imos ser man de obra barata, con traballos precarios e salarios de miseria... para que manter unha boa educación pública? Ó Partido Popular sobrámoslle estudantes e xóvenes cualificados.

Desde o Sindicato de Estudantes somos conscientes de que o único camiño para frear estes ataques brutais é o da mobilización máis contundente e masiva de todos o estudantado, xunto coas nosas nais, pais e docentes. Esta é a única alternativa para salvar a dereito a unha educación pública de calidade para os fillos e fillas dos traballadores e un futuro digno para a mocidade.

Por este motivo, o Sindicato de Estudantes chama a todo o estudantado, e ós colectivos e organizacións xuvenís e estudantís comprometidos coa defensa do ensino público, a pre-

parar a loita desde o primeiro día de clase, e confluír nunha **Semana de Mobilizacións e FOLGA XERAL en todos os centros de estudo, desde o 15 ó 19 de Outubro.**

Por outra banda, os compañeiros da Liga Estudiantil Galega convocan folga na universidade para o próximo 11 de Outubro. Dende o SE apoiámos esta convocatoria en defensa da universidade pública e chamamos ó estudantado universitario a secundala, como paso previo á gran folga xeral de 72 horas. Reiteramos o noso chamamento ao conxunto de organizacións estudantís de esquerdas a participar activamente nas manifestacións do día 17 de Outubro.

Desde o Sindicato de Estudantes insistimos na proposta que vimos facendo ás direccións sindicais de CCOO e UGT sobre a necesidade de ir a máis nas mobilizacións para derrotar a política do PP de recortes e privatización dos servizos públicos, convocando unha nova folga xeral, pero nesta ocasión de 48 horas, e deixar claro que non aceptamos que un puñado de banqueiros, especuladores e millonarios, os verdadeiros responsables da crise, sexan quen determinen o noso futuro.

Para esta semana de Mobilizacións e Folga Xeral propomos:

- **Luns 15 de Outubro:** asembleas masivas de estudantes, pais e profesores nos institutos, ocupando os centros de estudo para debater e aprobar a plataforma reivindicativa, formar **COMITÉS DE LOITA** abertos a todos o estudantado, e organizar as tres xornadas de folga xeral.
- **Martes 16 de Outubro:** **FOLGA XERAL EN TODOS OS CENTROS DE ESTUDO**, realización de piquetes informativos nos centros neuráxicos das poboacións: mercados, centros de saúde, prazas, centros de transporte, polígonos industriais, etc., para dar a coñecer as reivindicacións do movemento estudantil ó conxunto da poboación e pedir o seu apoio en defensa da educación pública.
- **Mércores 17 de Outubro:** **FOLGA XERAL EN TODOS OS CENTROS DE ESTUDO** e xornada de manifestacións de estudantes durante a mañá nas cidades e localidades de todo o Estado.
- **Xoves 18 de Outubro:** **FOLGA XERAL EN TODOS OS CENTROS DE ESTUDO** e realización nas principais cidades de manifestacións de estudantes, nais, pais e docentes pola tarde, que proporemos ós sindicatos do profesorado e á principal organización de nais e pais, CEAPA.
- **Venres 19 de Outubro:** realización de asembleas de balance nos centros de estudo co profesorado, estudantes e nais e pais para decidir as seguintes accións.

PLATAFORMA REIVINDICATIVA

1. **Nin reválida, nin selectividade: o fillo do obreiro á universidade.** Contra a imposición de barreiras económicas e académicas para impedir o noso acceso á educación superior. Todo estudante que aprobe 1º e 2º de Bacharelato ten dereito a unha praza universitaria.
2. **Contra o incremento de taxas de matrícula na universidade pública** e pola retirada dos novos obstáculos para que o estudantado de clase traballadora, accedamos ás bolsas para o estudo.
3. **Contra a imposición de taxas á Formación Profesional.** Por unha FP gratuít, democrática e de calidade en todo o Estado. Supresión inmediata das taxas de 360 e 250 euros que a dereita impuxo en Catalunya e Madrid e pola creación de prazas suficientes en todo o Estado: nin un só non admitido por falta de prazas.
4. **Nin un só despedimento do profesorado da educación pública.** Pola readmisión inmediata dos máis de 49.000 docentes que o PP despediu este inicio de curso en todo o Estado. Sen estes docentes a calidade da escola pública está en grave perigo.
5. **Non ós recortes na educación pública, os recortes para os banqueiros.** Pola reasignación inmediata dos 4.000 millóns de euros que o PP recortou á escola pública desde a súa chegada ó goberno, e polo incremento drástico do diñeiro necesario para garantir un ensino público gratuít e de calidade.
6. **Non ó paro xuvenil.** Por un subsidio de desemprego indefinido para todas as persoas en paro ata atopar un posto de traballo.

www.sindicatodeestudiantes.net

Coruña: 656 457 257 • Compostela: 679 500 266 • Ferrol: 678 420 888 • Lugo: 615 631 072 • Vigo: 630 431 613
Galiza: Rúa Casas Reais 8, 1er piso, Compostela - Tlf: 981 563 100 ext. 12867 / 636 217 248

galiza / acorunha / santiago / vigo @sindicatodeestudiantes.net